

Tres Xosés para a memoria

Collerón o camiño de regreso os tres xosés. Os tres pepes que eu tiña tanto de man no corazón. Puntuais en exceso, sempre precipitados e inquedos, non paraban de bulir en mil proxectos, sempre prestos para chegar, e agora neste regreso. Ían, como imos, desde este ningures que eles soñaron paraíso, ata ese paraíso das nostalxias que ninguén sabemos. Fixérono antes de tempo, esaxeradamente precipitados e fóra das escasas vontades humanas. O primeiro deles, seguindo a miña orde anárquica foi Pepe Alvilares, cura e filósofo controvertido, ningunha das dúas cousas cotizan á alza en ningures. Foise facendo consciente, co paso do tempo e no medio do noso mundo tan hostil e contradictorio, e púxose presto para a intervención social e a verdade, onde non renunciou a erguer rebelde. Volveuse insubmisó na tanta estupidez que nos abrangue, na sociedade peregrina e, en silencio,

diante tanto desamor. Foi moi crítico coa mentira e coa corrupción, tamén coa igrexa decadente que esqueceu aos pobres e o amor, que esqueceu tanto ser invisibilizado e que, precisamente, se pon do lado dos poderosos e materialistas, dos verdugos. Criticou esta igrexa que non dá solución nin fabula esperanza, nin alenta soños.

O segundo Pepe, Neira Vilas, foi tamén dos de actos levados a feitos, palabras e memorias. Deu en baduar soños certos, falounos de nós e do noso, na nosa lingua, na nosa pobre lingua tantas veces minorizada en reflexos de balbinos, tomases, monchos, mentres medran tantos manolitos. Foi describindo neles e, ao mesmo tempo, descubríanos a todos nós. Defendeu a Nosa Lingua por riba de todas. No seu enterro, como xa presentía Xaquín de Roca, estarían as

autoridades todas no primeiro banco, desde a súa gris presenza evocarannos a aquel 40% de nenos que, en Galiza, non senten a Nosa Lingua nas aulas en todo o día, mentres –e iso aínda é peor– crearon unha animadversión social enorme –chea de inauditos rancores– nas súas familias contra O Noso. Todo por culpa directa dos que estaban naquel primeiro banco. Que vergoña e que gris presenza de verdugos, afearon o acto. Porque Neira, o noso segundo Pepe, foi relator desta nosa Nación Galega, da máis rural e proletaria á que moitos honramos pertencer. O terceiro Pepe, a Chao Rego. Da miña mesma Matria. Home fiel a si mesmo e ao seu credo, fiel a nós, a todo o Pobo, aos que sentimos constantemente esta dor que nos fai Nación e que nos conxuga humanos. Amigo absoluto que me en-

sinou unha lección difícil, que el aprendeu con Sari, a súa musa nestes temas: a de aprender que –no amor– o máis importante é amar, darse aínda antes de querer ser amado, aínda antes de querer nada a cambio. Amar é sempre, se o amor é certo, a fondo perdido. É, tamén, a difícil lección do perdón na que eu –pobre de min– non dou aprendido. Moitas veces que o intentei quedei –ao mesmo tempo– coa sensación de facer o parvo. Dóime por non ser quen de perdoarme a min mesmo, nin de esquecer e purgarme, de amnistiar sequera a quen ata aquí, a esta desnaturalización e total derrota, a este suicidio, nos trouxo! Supoño que abundará na comprensión que sempre comigo tivo, impenitente e anárquico nesta miña rebeldía. Sei que, desde agora, sen eles que me tiren das orellas eu serei moito

máis leve en soños, desposuído da forza directa que me daban, da calor cómplice na loita. Collerei alento desde a súa memoria, sempre agradecida por me ter dado tanto, por confabularme en esperanzas e ser verdadeiramente amigos, deses que se contan cos dedos dunha man, ...e sobran dedos! Por iso síntome moito máis só, ...van de regreso e eu aquí acumulando vontades para seguir camiño cara ao que vemos e o que non vemos, ...que igual sequera nin é certo! Pero na gratitude de telos coñecido e aprendido deles.



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero